

Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****SALCEDA DE CASELAS****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL DE USO DA LINGUA GALEGA
NO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS.**ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA*

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal de uso da lingua galega no Concello de Salceda de Caselas, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Contra o presente Acordo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ORDENANZA DE USO DA LINGUA GALEGA NO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

INTRODUCCIÓN	1
CAPÍTULO 1. Uso oficial do galego no Concello de Salceda de Caselas	2
CAPÍTULO 2. Ámbito de aplicación	2
CAPÍTULO 3. Atención ao público	2
CAPÍTULO 4. Documentación e actuación administrativa	3
CAPÍTULO 5. Publicacións, accións informativas, formativas e actividades públicas...	4
CAPÍTULO 6. Compra de bens e materiais, encargo e contratación de servizos e relación coas empresas	6
CAPÍTULO 7. Sinalización e rótulos	6
CAPÍTULO 8. Relacións con outras administracións	7
CAPÍTULO 9. Persoal ao servizo da Administración	8



Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

CAPÍTULO 10. Toponimia	9
CAPÍTULO 11. Impulso institucional do idioma galego	10
CAPÍTULO 12. Calidade lingüística e linguaxe democrática inclusiva	11
CAPÍTULO 13. O Servizo de Normalización Lingüística	11
DISPOSICIÓN TRANSITORIA	13
DISPOSICIÓN FINAL	13

INTRODUCCIÓN

A lingua é a principal manifestación da identidade cultural dun pobo. O galego, como lingua propia de Galicia, é, polo tanto, o noso máximo expoñente e valor como comunidade; así como a nosa ferramenta comunicativa máis próxima e eficaz.

A Constitución española de 1978 establece, no artigo 3.3, que a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado en 1981, recolle, no seu artigo 5, que “a lingua propia de Galicia é o galego”, ademais especificase que “os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar”. Por último, neste mesmo artigo encoméndaselle aos poderes públicos de Galicia que garantan o uso normal e oficial dos dous idiomas e potencien “o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa” e dispoñan os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Xa que logo, impónselle aos poderes públicos o recoñecemento da lingua como medio normal de comunicación entre eles e na súa relación cos suxeitos privados.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia, no seu artigo 6.4, estipula que “a Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei”.

En virtude do disposto, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, que dá cumprimento ao mandato estatutario. O artigo 1 desta Lei dispón que “as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia redactaranse en lingua galega”.

O Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG), aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en 2004, recolle como obxectivos específicos para a Administración local: “consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados”, “incluír a promoción do galego, no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrecen ao cidadán, tanto directamente como a través de empresas subcontratadas” e “poñer



Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

os medios para que todo traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o cidadán que o desexe e que teña tamén práctica habitual da oferta positiva”.

En Galicia, onde a inmensa maioría da poboación fala ou entende a súa lingua, as corporacións locais, administracións máis próximas á cidadanía, poden e deben desenvolver accións encamiñadas a recuperar o noso idioma para os usos administrativos. A lingua galega precisa o recoñecemento oficial previsto nas leis para que os prexuízos lingüísticos presentes na nosa sociedade desaparezan.

Por considerarmos que as razóns expostas abundan para cambiar as actitudes lingüísticas, propónselle ao Pleno deste Concello a aprobación da seguinte Ordenanza do uso da lingua galega no Concello de Salceda de Caselas.

CAPÍTULO 1. USO OFICIAL DO GALEGO NO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

Artigo 1

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Salceda de Caselas.
2. De acordo co que establecen a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, o castelán tamén será cooficial.
3. O Concello de Salceda de Caselas empregará e promoverá o galego en todas as súas accións, nas súas actuacións administrativas, na documentación, na comunicación social e nas relacións coa cidadanía e con todas as entidades situadas en Galicia, así como con aquelas que admitan o galego para as actuacións administrativas.
4. A cidadanía poderá empregar, nas súas relacións co Concello e cos organismos que del dependen, a lingua que elixa, de acordo co ordenamento xurídico vixente. Así e todo, cando no seo dun procedemento administrativo cunha pluralidade de partes interesadas se dea algunha contradición entre estas con respecto á lingua que se empregará, o uso da lingua axustarase á lexislación autonómica de Galicia.
5. A cidadanía ten o dereito a ser atendida e a obter ou recibir toda a documentación e as notificacións municipais en lingua galega.

CAPÍTULO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 2

1. O Concello de Salceda de Caselas e os organismos municipais que del dependen rexeranse por esta ordenanza.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:12YZIEJ4AA3QCNL



Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

2. Tamén se rexerán por esta ordenanza as empresas adxudicatarias, concesionarias ou contratas cando actuaren en función desta adxudicación, concesión ou contrato; e así se fará constar explicitamente nos documentos que correspondan (concursos públicos, convenios, pregos, cláusulas, contratos etc.).
3. Todos os servizos, departamentos, oficinas e organismos dependentes do Concello de Salceda de Caselas terán en conta a necesidade da normalización da lingua galega en todos os ámbitos sociais e, polo tanto, asumirán o desenvolvemento desta ordenanza en todas as accións do seu funcionamento cotián.
4. O Concello de Salceda de Caselas, a través da súa Concellería de Normalización Lingüística, velará para que sexan aplicados os principios desta ordenanza.

CAPÍTULO 3. ATENCIÓN AO PÚBLICO

Artigo 3

1. Todos os departamentos e servizos de unidades administrativas municipais que teñan relación co público fomentarán o galego mediante o seu emprego como lingua normal de entrada, tanto oral como escrita, de maneira que se practique a oferta positiva en lingua galega; sempre que o público atendido non manifeste que prefire o trato na outra lingua cooficial.
2. Na atención ao público mediante mecanismos automáticos, tales como contestadores telefónicos ou outros medios informáticos, usarase a lingua galega de entrada.
3. A páxina web oficial do Concello de Salceda de Caselas, así como a Sede electrónica e a Oficina virtual tributaria, ofrecerá sempre como primeira lingua o galego.
4. O que dispón o presente artigo tamén será de aplicación para as empresas ou entidades que lle presten servizos ao Concello de Salceda de Caselas por concesións, arrendamento, concerto ou contrato.

CAPÍTULO 4. DOCUMENTACIÓN E ACTUACIÓN ADMINISTRATIVA

Artigo 4

1. Como criterio xeral, todas as actuacións do Concello de Salceda de Caselas realizaranse en galego, sen prexuízo de que, cando legalmente sexa requisito, ademais de en galego, tamén se faga noutra(s) lingua(s).
2. Será redactada en lingua galega, cando menos, a seguinte documentación administrativa:
 - a) As convocatorias de sesións de todos os órganos do Concello de Salceda de Caselas, así como as ordes do día, as mocións, os votos particulares, as propostas de acordo, os ditames das comisións informativas, os rogos, as preguntas e as actas dos citados órganos deste.

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 12YZZIEJ4AA3QCNL



Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

- b) As resolucións de todos os órganos municipais.
 - c) Toda a documentación xerada polo Concello que forme parte dos expedientes administrativos que teñan que someterse á decisión ou ao coñecemento dos ditos órganos.
 - d) As actas e os acordos de todos os órganos dos consellos e entidades con personalidade xurídica dependentes do Concello de Salceda de Caselas.
3. Todos os modelos de documentación do Concello de Salceda de Caselas serán elaborados e difundidos de entrada e prioritariamente en galego e, verbo disto, nos plans e procesos de informatización e racionalización administrativa, deberase ter presente o que establece este artigo, sen que isto signifique que, en casos específicos, non se poida incorporar tamén a outra lingua oficial cando unha persoa o requira expresamente.
4. Naqueles procedementos iniciados polas persoas interesadas, a cidadanía ten o dereito de elixir a lingua na que se dirixe ao Concello de Salceda de Caselas e de solicitarlle a este que as comunicacións, notificacións e demais documentos que lles remitan se redacten en calquera das dúas linguas oficiais que escolla a persoa interesada.

Artigo 5

Sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia, nos rexistros administrativos das oficinas do Concello de Salceda de Caselas e dos seus organismos dependentes, os asentos faranse en lingua galega, independentemente da lingua na que estean escritos.

CAPÍTULO 5. PUBLICACIÓNS, ACCIÓNS INFORMATIVAS, FORMATIVAS E ACTIVIDADES PÚBLICAS

Artigo 6

1. Os anuncios oficiais da corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia serán redactados e publicados en galego. Sucederá o mesmo cos anuncios propios de calquera procedemento administrativo que sexan publicados en calquera outro medio. Cando legalmente sexa requisito, achegárase tamén a tradución do orixinal galego noutra(s) lingua(s).
2. As publicacións que edite o Concello de Salceda de Caselas, teñan ou non carácter periódico, xa foren en papel ou en soporte dixital, realizáranse en lingua galega; sen prexuízo de que puideren conter traducións noutras linguas cando o público obxecto da edición puiden situarse en comunidades de fóra da área lingüística galega.
3. A aquelas publicacións que sexan editadas por outras entidades, públicas ou privadas, coas que colabore o Concello de Salceda de Caselas e teñan difusión en Galicia, aplicaráselles os mesmos criterios definidos no punto 2 deste artigo. Para cumprir isto, se houber acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos etc., farase referencia a este requisito.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:12YZIEJ4AA3QCNI



Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

Artigo 7

1. As campañas publicitarias e de promoción de todas as actividades organizadas polo Concello de Salceda de Caselas elaboraranse en lingua galega.
2. No caso de que houber contratación da publicidade, o Concello terá en conta os medios que usen o galego en distintos soportes.
3. As campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, espectáculos, festas, actividades deportivas, campionatos etc.) doutras entidades en que dalgún xeito colabore o Concello de Salceda de Caselas realizaranse en galego en calquera soporte.
4. Para cumprir o antedito, cando os houber, nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos etc., farase referencia a este requisito.
5. Todo o anterior sen prexuízo de que, puntualmente, tamén se poidan realizar noutras linguas cando o público obxecto da acción publicitaria pertenza a outras comunidades de fóra da área lingüística galega.

Artigo 8

Todos os materiais que difunda o Concello de Salceda de Caselas, sexan de elaboración propia ou das asociacións veciñais, serán redactados obrigatoriamente en galego.

Artigo 9

1. As accións formativas organizadas polo Concello de Salceda de Caselas desenvolveranse principalmente en lingua galega.
2. A formación puntual e a actividade xeral ofertada regularmente polo Concello de Salceda de Caselas nos seus centros ou organismos dependentes desenvolveranse utilizando normalmente o galego como lingua de comunicación. O establecido neste punto terase en conta e farase referencia ao seu contido nos seguintes casos:
 - a) Na contratación de persoal para os distintos centros.
 - b) Na organización de actividades nos distintos centros.
 - c) Na contratación de empresas.
 - d) Nos regulamentos ou estatutos dos distintos centros e organismos, se os houber.
3. Para que o Concello de Salceda de Caselas colabore en accións informativas ou formativas organizadas por outras entidades será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega. Este requisito transmitiráselle á entidade ou entidades organizadoras e explicitarase nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos etc.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:12YZIEJ4AA3QCNL



Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

Artigo 10

1. Os membros do goberno municipal, o persoal directivo, o persoal técnico e demais persoas que traballen ao servizo do Concello de Salceda de Caselas expresaranse normalmente en galego nos actos que tiveren lugar no ámbito lingüístico galego e nos que interviñeren en virtude do seu cargo ou posto.
2. Todas aquelas actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas, xornadas, congresos, charlas, campionatos, competicións, probas, espectáculos, festivais etc.) que organice o Concello de Salceda de Caselas desenvolveranse, en xeral, en lingua galega.
3. Para que o Concello de Salceda de Caselas colabore en actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas etc. (xornadas, congresos, charlas, campionatos, competicións, probas, espectáculos, festivais etc.) organizadas por outras entidades, valorarase especialmente que estas se desenvolvan en lingua galega. Isto seralle(s) transmitido á(s) entidade(s) organizadora(s) con que se colabora e explicitarase nos acordos de colaboración, contratos ou convocatorias.

Artigo 11

O Servizo de Normalización Lingüística revisará os textos con alto valor divulgativo que difunda o Concello de Salceda de Caselas en calquera soporte: carteis, follas informativas, dípticos, folletos e outros que se consideraren relevantes.

CAPÍTULO 6. COMPRA DE BENS E MATERIAIS, ENCARGO E CONTRATACIÓN DE SERVIZOS E RELACIÓN COAS EMPRESAS**Artigo 12**

1. Para a adquisición de bens e materiais de todo tipo que realice o Concello de Salceda de Caselas estableceranse criterios para procurar que estes estean en galego, xa for na súa etiquetaxe, configuración, uso etc. (equipos informáticos, aparellos telefónicos, material funxible, produtos alimentarios etc.). Isto especificarase nos acordos, contratos, pregos etc., cando os houber.
2. Para as contratacións de servizos que se lle presten ao Concello especificarase que deben ser desenvoltos en galego, agás naqueles casos en que, pola natureza do servizo, deban ofrecerse tamén noutra lingua.
3. As entidades contratistas disporán, se así o solicitaren, dos pregos de condicións e de prescricións técnicas en castelán.
4. O que establece este artigo en ningún caso poderá ser causa de exclusión de empresas licitadoras nos procesos selección e contratación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:12YZIEJ4AA3QCNI



Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

Artigo 13

1. Os documentos públicos ou contractuais formalizados polo Concello de Salceda de Caselas con empresas privadas, particulares ou persoas xurídicas serán redactados en galego. Se a súa finalidade o esixise podería realizarse tamén unha copia traducida a outra(s) lingua(s), en que constará que é tradución do seu orixinal en galego.
2. Os estudos, proxectos, informes, documentos e traballos análogos resultantes dunha relación contractual entre o Concello de Salceda de Caselas e unha persoa física ou xurídica privada serán redactados e entregados en galego. Este requirimento farase explícito nas convocatorias, pregos de condicións ou solicitudes dos ditos traballos.
3. O Concello de Salceda de Caselas proporá e animará as empresas contratantes e provedoras a usaren o galego na súa documentación e comunicación e isto farase explícito nos pregos de condicións correspondentes, que deberán empregar o galego nos bens e nos servizos que foren obxecto de contrato coa entidade.

*CAPÍTULO 7. SINALIZACIÓN E RÓTULOS***Artigo 14**

1. O rótulos, indicadores e sinalizacións das dependencias e inmobles cuxa titularidade lle corresponda ao Concello de Salceda de Caselas estarán en galego.
2. A sinalización horizontal e vertical da totalidade da rede viaria de Salceda de Caselas estará redactada en lingua galega.
3. Todos os vehículos do parque móbil, incluídos os da Policía Local, os uniformes e outro tipo de vestimenta do cadro de persoal municipal irá rotulado en lingua galega.
4. O rotulado do parque móbil, vestiario, sinalización e material en lingua galega por parte das empresas adxudicatarias ou concesionarias do Concello de Salceda de Caselas será tido en conta nos pregos de condicións ou bases dos diferentes procedementos de contratación ou concesión.
5. A información ofrecida nas dependencias do Concello de Salceda de Caselas (mediante paneis, dípticos e outro tipo de sinalización) terá sempre como lingua oficial o galego, sen prexuízo de que estea traducido tamén a outra(s) lingua(s) cando o público potencial deses centros ou eventos proveña doutras áreas lingüísticas.
6. Todo o previsto nos puntos anteriores terá aplicación tamén nas sedes, dependencias e locais abertos ao público dos organismos dependentes do Concello.
7. Os textos dos casos establecidos nos puntos anteriores serán revisados polo Servizo de Normalización Lingüística, que dará o visto e prace previo á súa impresión e colocación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:12YZIEJ4AA3QCNL



Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

*CAPÍTULO 8. RELACIÓNS CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS***Artigo 15**

1. As comunicacións do Concello de Salceda de Caselas que se dirixan a calquera das administracións públicas de ámbito territorial galego redactaranse en lingua galega.
2. As comunicacións do Concello de Salceda de Caselas que se dirixan a calquera das administracións públicas de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia serán bilingües (galego-castelán).

Artigo 16

1. A documentación do Concello de Salceda de Caselas dirixida ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego redactarase en lingua galega e realizarase unha copia en castelán, tendo en conta o ámbito lingüístico de recepción da documentación.
2. As copias de documentos do Concello de Salceda de Caselas redactados en galego que foren solicitadas por administracións públicas de fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia serán tramitados en lingua galega. Achegarase con eles unha tradución á lingua que legalmente proceda, tendo en conta o ámbito lingüístico de recepción dos documentos.

Artigo 17

Con respecto aos documentos dirixidos directamente a persoas xurídicas distintas das administracións públicas, o Concello de Salceda de Caselas aterase ao que estipulan as disposicións legais vixentes e procurará redactalos en galego, sempre que for posible.

*CAPÍTULO 9. PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN***Artigo 18**

1. De acordo coa legalidade vixente aplicable, o persoal ao servizo do Concello de Salceda de Caselas coñecerá suficiente e estará en condicións de empregar correctamente a lingua galega no desenvolvemento do seu traballo, tanto de forma escrita coma oral.
2. Co fin de acadar este obxectivo, establécense os seguintes preceptos xerais:
 - a) Nos procedementos de selección de persoal, incluírase unha proba de lingua galega que demostre a capacitación para desempeñar o traballo neste idioma. A proba adecuarase sempre ao nivel e contido das prazas convocadas e de acordo coas funcións do posto, e poderá ser oral e/ou escrita.

O Concello de Salceda de Caselas establecerá nas bases das convocatorias o nivel de coñecemento de galego que deberá acreditar o persoal aspirante e será o persoal técnico

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:12YZIEJ4AA3QCNI



Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

da Concellería de Normalización Lingüística quen asesore a entidade para determinar o perfil lingüístico de cada posto.

Esta proba non será necesaria sempre e cando o persoal aspirante ao posto demostre a capacitación do nivel de lingua galega solicitado a través do certificado Celga correspondente.

- b) Nos procedementos de promoción profesional, a acreditación do coñecemento da lingua galega terá, ademais, consideración de mérito avaliable co baremo que lles corresponda ás acreditacións Celga; incidirase tamén nos títulos oficiais de linguaxes específicas (administrativa, xurídica...) adecuadas a cada posto.
- c) Terase en conta o persoal técnico da Concellería de Normalización Lingüística para formar parte dos tribunais, ben como membro ben como asesor, para avaliar o coñecemento do idioma galego na selección de persoal e na provisión de postos de traballo e mais para colaborar na creación de bases e probas correspondentes.
- d) As probas selectivas para a provisión de prazas e a contratación de persoal ao servizo do Concello de Salceda de Caselas e das entidades del dependentes redactaranse en lingua galega e distribuiránselles así por defecto a todas as persoas candidatas. Terase ao dispor de quen o solicitar con antelación unha copia das probas na outra lingua oficial. As probas poderán ser realizadas en calquera das dúas linguas oficiais, independentemente da lingua que for empregada na redacción do cuestionario.
- e) O persoal que actualmente traballa ao servizo do Concello de Salceda de Caselas que non estea capacitado para desenvolver correctamente o seu traballo en lingua galega deberá adquirir a dita capacidade.

Para tal efecto, o servizo de formación do persoal do Concello, coa colaboración do Servizo de Normalización Lingüística e con outras administracións e entidades, desenvolverá programas formativos para todo o persoal que careza dos coñecementos necesarios para exercer as súas funcións.

CAPÍTULO 10. TOPONIMIA

Artigo 19

- 1. En cumprimento da legalidade vixente a este respecto (artigo 10 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística), a única forma oficial da toponimia de Galicia é a galega. En consecuencia:
 - a) O Concello de Salceda de Caselas promoverá, no ámbito das súas competencias, a recuperación, historia, orixe, coñecemento e uso da toponimia e microtoponimia propias deste Concello e preservará as formas tradicionais dos nomes de lugares.
 - b) O Concello velará polo uso correcto da toponimia en toda a documentación que xere e publique e tamén na publicidade que contrate e na súa presenza na Rede (Internet).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:12YZIEJ4AA3QCNI



Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

- c) As formas dos topónimos empregadas polo Concello e por todos os organismos dependentes del serán sempre as establecidas legalmente pola Xunta de Galicia e promoverase o cambio se así non foren.
- d) O Concello de Salceda de Caselas demandaralles a todas as entidades beneficiarias de calquera tipo de subvención, axuda, colaboración ou contrato o uso correcto da toponimia.

Artigo 20

1. Para lles dar nome ás rúas, prazas, edificios etc., de titularidade pública no Concello de Salceda de Caselas, teranse en conta os criterios establecidos pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, nos que se sinala:
 - a) Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas (entidades de poboación, urbanizacións, prazas, rúas, complexos urbanísticos, bloques de edificios etc.), ha de preferirse sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención.
 - b) No caso de realidades xeográficas de nova creación, realizarase un inventario das denominacións tradicionais do territorio afectado e empregaranse nomes tomados dese repertorio para a denominación oficial das novas realidades.
 - c) Cando nunha área determinada os topónimos tradicionais superan en número as novas realidades xeográficas creadas, de preferencia deben preservarse os topónimos de maior interese histórico, arqueolóxico ou filolóxico.
 - d) Só se empregará o recurso da imposición de “topónimos honoríficos” (nomes de persoas ou institucións, de conceptos abstractos, de cidades ou países etc.) en casos en que a nova denominación non sepulte un topónimo tradicional.
2. De conformidade co artigo 69.6 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, o Concello de Salceda de Caselas, inspirará as súas actuacións na protección da toponimia nas indicacións e recomendacións dos organismos internacionais. Para tal efecto, e no suposto de ter que optar por un topónimo honorífico ou conmemorativo, teranse en conta as resolucións das conferencias das Nacións Unidas sobre a normalización dos nomes xeográficos.

CAPÍTULO 11. IMPULSO INSTITUCIONAL DO IDIOMA GALEGO

Artigo 21

1. De acordo co artigo 25 da Lei 3/1983, de normalización lingüística, o Concello de Salceda de Caselas fomentará o uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e outras, dentro do ámbito municipal.
2. O Concello de Salceda de Caselas porá paulatinamente en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas e empresariais da vila para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega e fomentará o uso e prestixio do idioma galego na transmisión interxeracional, na



Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en calquera outro ámbito social de interrelación humana.

3. Todos os órganos do Concello de Salceda de Caselas impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación. O persoal técnico da Concellería de Normalización Lingüística asesorará o Concello nesta materia.
4. Valoraranse, como criterio positivo na concesión de subvencións e axudas, as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, a comunicación e a produción escrita e oral (carteis, publicidade oral e escrita, redes sociais etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada polo Concello de Salceda de Caselas deberá estar en lingua galega. Este requisito figurará de forma expresa na convocatoria e mais nas bases correspondentes.
5. O Concello de Salceda de Caselas poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e, segundo sinala a Lei 3/1983, de normalización lingüística, poderá outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais para fomentar dentro do seu ámbito a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras, por actos singulares.

CAPITULO 12. CALIDADE LINGÜÍSTICA E LINGUAXE DEMOCRÁTICA INCLUSIVA

Artigo 22

1. En todos os textos, documentos e comunicacións do Concello de Salceda de Caselas coidarase especialmente a calidade e corrección lingüísticas, xa que os textos emitidos desde as administracións públicas adoitan ser interpretados como modelo de lingua.
2. En todos os textos administrativos serán aplicados os criterios da linguaxe administrativa galega moderna e procurarase sempre a súa máxima calidade, democratización, personalización, claridade de contidos (modernización das formas, concisión e precisión, sinxeleza e ordenación) e uniformidade.
3. En toda comunicación e documentación do ente municipal usarase unha linguaxe democrática inclusiva, polo que se evitarán as fórmulas sexistas e/ou discriminatorias.
4. Alén de que os distintos servizos municipais poidan solicitarlle asesoramento ao Servizo de Normalización Lingüística, a supervisión ou revisión de calquera documento ou soporte será responsabilidade do departamento que o elabore.
5. O Servizo de Normalización Lingüística elaborará un manual de estilo onde se recollan os criterios lingüísticos da entidade co fin de fixar un modelo lingüístico e estilístico que contribúa á homoxeneización, actualización e mellora da calidade da lingua no Concello de Salceda de Caselas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:12YZIEJ4AA3QCNL



Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

6. O Concello de Salceda de Caselas velará para que nos textos e comunicacións das accións doutras entidades coas que colabore, en que participe ou ás que apoie se sigan estes mesmos criterios de calidade lingüística, democrática e inclusiva.

CAPÍTULO 13. O SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Artigo 23

1. O Concello de Salceda de Caselas contará, sempre que resulte posible orzamentaria e normativamente, cun Servizo de Normalización Lingüística, dependente da Concellería de Normalización Lingüística, co obxecto de impulsar a normalización da lingua, procurar o incremento e prestixio do idioma galego no ámbito municipal e coordinar as accións necesarias para que se cumpra.
2. As tarefas que desenvolva o SNL deberán configurarse en tres áreas: dinamización sociolingüística, formación sociolingüística e asesoramento lingüístico. As seguir desagreganse as funcións:
 - a) Funcións xerais:
 - Asesorar a Administración en todo o relacionado coa política lingüística.
 - Facer seguimento do cumprimento da lexislación lingüística por parte da institución.
 - Informar sobre a conveniencia, oportunidade e métodos de incorporar accións con obxectivos normalizadores en programas ou accións do Concello de índole diversa e colaborar na súa especificación, deseño e materialización.
 - Emitir informes sobre a oportunidade e/ou conveniencia de accións do Concello con respecto ao fomento do uso e prestixio da lingua galega.
 - Colaborar coa Administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e mais nas probas e procesos selectivos, para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte das persoas aspirantes.
 - b) Funcións de dinamización lingüística:
 - Fomentar o uso do galego no conxunto da sociedade.
 - Planificar, xestionar, executar e avaliar accións en prol da lingua galega seguindo as directrices da política lingüística do organismo.
 - Propor programas dinamizadores e accións concretas que conciencien a sociedade a respecto do uso e prestixio da lingua galega e que a impliquen no proceso dinamizador.
 - Propiciar e xestionar liñas de información, colaboración, coordinación e axuda dirixidas ao tecido asociativo, empresarial, educativo, xuvenil etc., para fomentar o uso e prestixio do galego.
 - c) Funcións de formación sociolingüística:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:12YZIEJ4AA3QCNL



Xoves, 12 de marzo de 2026

Núm. 49

- Colaborar cos demais departamentos municipais e/ou outras administracións para planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, tanto para o persoal da Administración como dirixidos a diferentes sectores sociais.
- Difundir materiais que contribúan á tarefa normalizadora (recursos lingüísticos, directrices para o tratamento da linguaxe inclusiva, dereitos lingüísticos, lexislación lingüística etc.).
- Colaborar no deseño de programas de formación non lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora de actitudes lingüísticas.

d) Funcións de asesoramento lingüístico:

- Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da Administración.
- Normalizar a imaxe lingüística, fixar criterios lingüísticos para a organización e establecer modelos de documentos.
- Revisar e validar lingüisticamente aqueles textos que vaian ter maior difusión, impacto ou permanencia (carteis, folletos, rótulos, anuncios, impresos, publicacións etc.), para garantir a calidade lingüística e o uso dunha linguaxe moderna, democrática e inclusiva.
- Resolver dúbidas lingüísticas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

No prazo máximo de 6 meses desde a aprobación definitiva da presente ordenanza, o Goberno local deberá proceder a substituír a sinalización viaria de competencia municipal que non cumpra cos topónimos oficiais.

No mesmo período, o Goberno local deberá ter solicitada, das administracións que corresponda, a substitución da sinalización viaria, competencia desas administracións, que non cumpra cos topónimos oficiais.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), de acordo co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:12YZIEJ4AA3QCNL

